

A LINGUAXE MUSICAL



A TRAVÉS DE MUESCORE



Creado por: Rubén Veloso Carnero.

Unidade 1: A altura do son.

Unidade didáctica 1: A altura do son.

1. INTRODUCCIÓN:

A 1ª unidade chámase “A altura do son” creada por **Rubén Veloso Carnero**.

Destinatarios: alumnado de 2º eso. Esta unidade céntrase na aprendizaxe das **notas musicais**, traballando as claves de Sol en 2ª liña e Fa en 4ª.

Tamén se utilizará a súa aplicación práctica ao contexto dun programa informático de edición musical chamado **Musescore**.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer as formas de representación gráfica convencional para a altura do son.
- Identificar e manexar de forma autónoma nunha partitura os diferentes elementos de notación relativos a altura do son, para o coñecemento e disfrute da música.
- Valorar a importancia da notación musical como representación do feito sonoro.
- Coñecer e escribir as notas musicais utilizando musescore.

3. CONTIDOS:

- Elementos da linguaxe musical que determinan a altura:
 - a) O pentagrama.
 - b) As notas musicais.
 - c) As diferentes claves.
 - d) As diferentes alturas das notas dependendo da clave.
 - e) Introducción das notas en musescore.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Recoñecer as notas nas diferentes claves.
- Identificar e escribir as diferentes notas musicais.
- Utilizar musescore para escribir as notas musicais correspondentes en diferentes partituras.

5. COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER:

- **Competencia Lingüística:** desenvólvese a través do traballo de aprender as notas musicais e os seus nomes a través dos símbolos (neste caso a altura das notas representados polas figuras nun pentagrama). A lectura establécese ao longo de toda a unidade con exercicios e explicacións.
- **Competencia Dixital:** a través da utilización do exelearning e, sobre todo, á hora de manexar o programa musescore para a realización de actividades. Tamén se traballará a competencia dixital ao ter que descargar e utilizar diferentes tipos de arquivos: pdf, zip, mscz...
- **Aprender a aprender:** competencia traballada ao longo de todo o exelearning, de maneira que o propio alumno/a vai ter diferentes maneiras de acadar os seus obxectivos.

Unidade didáctica 1: A altura do son.

- **Conciencia e expresións culturais:** competencia adquirida pola propia materia, a música, pero tamén polo desenvolvemento das explicacións, actividades e traballos.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** non hai unha estratexia única para desenvolver as actividades. A maneira de buscar a información é a súa realización terá como fin o traballo de dita competencia.

6. MATERIAL DO EXELEARNIG:

- **Explicación teórica dos contidos** con imaxes, vídeos, audicións e partituras co fin de explicar os contidos. Todo baixo licenza **Creative Commons By-NC-SA**.
- **Exercicios prácticos:** en diversos formatos (pdf, zip...), arquivos de exemplos de musescore (.mscz), actividades IDevice interactivas e non interactivas do propio exelearning.
- **Actividade final** para avaliar o logro dos obxectivos didácticos e o grao de adquisición de competencias.
- **Vídeo tutoriais** de realización propia: para a explicación e axuda sobre os contidos da unidade didáctica, aplicados ao programa musescore.

A unidade divídese en **6** apartados fundamentais:

- A Altura do son.
- Os sons musicias.
- Escribir as notas.
- Exercicios notas na clave de sol.
- Exercicios notas na clave de fa.
- Exercicio musescore.

7. REQUISITOS DO ORDENADOR/TABLET:

- **navegador web** recente e actualizado como Mozilla Firefox, Internet Explorer, Chrome, Opera, ou Safari, como soporte básico de toda a unidade.
- **Visor PDF** como adobe reader ou similar, para a visualización dos arquivos PDF.
- **Instalación do programa musescore:** software gratuíto dispoñible para windows, linux e mac.

Unidade didáctica 1: A altura do son.



<https://musescore.org/es/download>

A explicación da instalación do programa virá desenvolta no documento técnico.

- Programa para **descomprimir arquivos**: 7zip, winrar, winzip...

8. TEMPORALIZACIÓN.

Como a unidade está feita para alumnos/as de **2º da ESO**, para os que a materia de música ten dous períodos lectivos á semana, é aconsellable unha temporalización de **3 períodos** lectivos para a súa realización.

Hai que ter en conta todos os problemas que nos imos atopar (ordenadores que non funcionan, falta de wifi ou da rede, falta do material...) polo que os **3 períodos** se axustan á realidade das actividades.

9. INTERFACE: como calquera páxina web.

sons graves e agudos

Unidade 1: A Altura do son

Os sons musicais

Escribir as notas

Ejercicios notas na clave de sol

Ejercicios notas na clave de Fa

Ejercicio musescore

1º Vemos as partes da unidade

2º Pulsando, podemos ir as outras partes da unidade.

siguiente

Unidade 1: A Altura do son

3º Temos a explicación

A Altura do son é unha das calidades do son que permite distinguir entre sons graves e agudos.

00:00 00:12

4º Baixaremos na barra para ver o resto da unidade.

E de que depende a altura? Pois do número de vibracións por segundo, que se chama frecuencias, e mídese en hercios (hz).



Son Agudo

Son grave

Unidade didáctica 1: A altura do son.


10. APARTADOS TÉCNICOS:

- **Baixar PDF:** teremos que facer clic na palabra **PDF** que fará saltar unha ventá no noso navegador. Despois só teremos que darlle a **baixar** ou a **imprimir**, dependendo do que queiramos facer.



Unidade didáctica 1: A altura do son.

➤ Reproducir vídeo



2º Preme o botón é amplíase a pantalla. →

Fullscreen

➤ Reproducir música



Unidade didáctica 1: A altura do son.

➤ Baixar arquivo musescore (.mscz).

E parecido ao PDF pero teremos que facer un paso previo.

Exercicio musescore

1º Vai co rato á palabra **arquivo.**
2º Pulsa botón dereito.
3º Pulsa "gardar enlace como..."

Agora a facer exercicios co **musescore**. Pasos a realizar:

- 1) Baixar e imprimir este [pdf](#). O que vamos a facer é escribirla partitura e as notas correspondentes no **musescore**.
- 2) Descargar este **arquivo** de musescore. Olla! Xa temos que ter o programa baixado para poder abri-lo.
- 3) Introducir as notas no **musescore** e exportar a partitura a PDF.
- 4) Escribir no PDF o nome da partitura.
- 5) Mendar o arquivo ao docente por email.

Baixaremos o arquivo na carpeta que elixamos

Nombre	Fecha de modifica...	Tipo	Tamaño
acorde do	19/01/2020 12:21	Carpeta de archivos	
curso	12/01/2020 12:13	Carpeta de archivos	
cxt 2019-20 Eva	11/11/2019 21:33	Carpeta de archivos	
Datos antiguos de Firefox	23/01/2020 22:06	Carpeta de archivos	
dieta ceto	11/11/2019 18:52	Carpeta de archivos	
eva trinity	11/11/2019 18:52	Carpeta de archivos	
exame decembro linguaxe e práctica mu...	07/12/2019 19:50	Carpeta de archivos	
lapiz RU	11/11/2019 18:52	Carpeta de archivos	
Paloma	11/11/2019 18:52	Carpeta de archivos	
para fuchicar muses	23/01/2020 21:43	Carpeta de archivos	
partituras novas	11/11/2019 18:52	Carpeta de archivos	
Partituras para empezar	11/11/2019 18:52	Carpeta de archivos	
rúbricas Eva	15/12/2019 12:04	Carpeta de archivos	
Tema1R	07/01/2020 9:32	Carpeta de archivos	

Nombre: **Exercicio_notas_1 (1)**
Tipo: **Compressed MuseScore File**


Pulsa **guardar**, e co arquivo xa no noso ordenador, o premer dúas veces, abrírase o programa musescore (**hai que descargalo e instalalo previamente no noso ordenador/tablet**).

Calquera dúbida de como descargar e instalar os programas, realizar tarefas, ou baixar os arquivos, diríxete ao **documento técnico** que ten esta mesma unidade ou na **unidade 9** onde estarán todos os tutoriais explicativos.


Unidade didáctica 1: A altura do son.

11. ESTRUCTURA.

A primeira páxina vai ser a presentación da unidade:




Despois atoparemos a explicación da altura do son.




Unidade didáctica 1: A altura do son.

E ao revés, a **menor frecuencia**, máis **grave** é o son (as vibracións son lentas).

Mirade un exemplo feito co programa **audacity**, onde se ve a lonxitude de onda de estes dous sons:



Son da frauta, son **agudo**.




Son do piano, son **grave**.

E despois ao pulsar **no vídeo**, veremos unha explicación:

Exemplo de como se vería unha canción co programa audacity de gravación e edición de música, dúas pistas onde se mesturan varias ondas.

ondas



Se queredes traballar co **audacity**, hai varias unidades no repositorio abalar con contidos teóricos e prácticos para traballar co programa.

É moi recomendable!!

Unidade didáctica 1: A altura do son.

Na seguinte páxina atoparemos a explicación dos sons musicais.

Os sons musicais

≡ Menú



As notas



A altura diferencia os sons graves dos agudos. Pero, cal é a súa representación gráfica?



Primeiro necesitaremos un pentagrama. O pentagrama é unha representación gráfica de 5 liñas e 4 espazos:



E cal é a súa función?

Pois serve para escribir as notas musicais.

Cales son?



En fin.....

Do Re Mi Fa Sol La Si

notas musicais



Unidade didáctica 1: A altura do son.

E chegará un exercicio:



Enche con números



Fíxate na explicación, busca a información, e despois escribe con números e comas nos ocios correspondentes.

Cada unha de estas notas ten un **número de herzios** determinado, é dicir, **vibra un número de veces por segundo**.

As notas que viches con anterioridade son as que vamos a utilizar, e son a escala de referencia. Para a súa busca terás que encontralas co número que está ao lado, xa que hai moitos Do, Re, Mi.... e ese **número 4** indica que a nota se atopa nunha zona intermedia.

Busca ti cales son os **herzios** das **notas**:

Do4: hz Re4: hz Mi4: hz Fa4: hz
Sol4: hz La4: hz Si4: hz

Enviar

E unha pequena explicación do **exercicio anterior**:

E para que valen na práctica o **número de herzios** das notas?

Pois son moi importantes. Sirven para afinar os instrumentos para que soen cos mesmos sonidos nas mesmas alturas, e así non producir desafinacións.

O que se fai é tomar unha nota de referencia **La4: 440 hz**.

E unha vez que os instrumentos teñen ese son vibrando igual, xa afinan os instrumentos.



Unidade didáctica 1: A altura do son.

A seguinte páxina expoñerá as notas musicais:

Escribir as notas


≡ Menú

Altura das notas




Xa sabemos cales **son as notas musicais**, agora toca ver como se escriben no pentagrama.

Para iso necesitamos un **pentagrama**:




Pero fainos falta algo moi importante e fundamental: as **claves**.

Existen 7 tipos de claves:



clave de Sol en 2ª liña, chamada así porque a nota **SOL** está na 2ª liña!! 🐼



Clave de Fa en 4ª liña , e Fa en 3ª liña.




Clave de Do en 4ª, 3ª, 2ª e 1ª liña.

Unidade didáctica 1: A altura do son.

E para que queremos **tantas claves**?????

Utilízanse para que a notación sexa máis sinxela. Bota un ollo ao seguinte exemplo dun teclado:



Observa: as **claves** utilízanse para **tocar** ou **interpretar** sons máis agudos ou máis graves, segundo a súa altura.

Por iso as **grafías** das notas teñen que ser fáciles, senón sería moi complicada a súa visualización con tantas plicas!!!!

E chegarán os exercicios. É recomendable que o docente leve impreso os exercicios en PDF para facilitar o traballo.

As notas

Tócache! A traballar.

As notas musicais



Baixa o seguinte [pdf](#), **imprímeo**, e escribe as notas correspondentes. Despois dallo a un compañeiro/a para que cho corrixa. Ti fai o mesmo con outro exercicio. **Fíxate ben, que non haxa erros!**



Unidade didáctica 1: A altura do son.

Agora, o exercicio é o **revés**. No [pdf](#) seguinte están postos o nome das notas. Escribe ti a altura correspondente coas notas brancas.

Ollo con aquelas notas que levan apóstrofes!!!! **Acórdate** da súa altura.

Exercicio notas musicais

1) Escribe na altura correspondente as notas musicais :



Despois, novas explicacións e exercicios pero con distinta clave:




Clave de Fa en 4ª



Xa controlades a **clave de Sol**. Vexamos agora outra clave con moito uso:

Fa en 4ª.



A idea é a mesma. O nome das notas non cambian, pero si que mudan na altura do son. O fa está en 4 liña, e a partir da nota de referencia, noméanse o resto das notas.



Unidade didáctica 1: A altura do son.

Toca traballar como fixemos anteriormente.

Pincha [aquí](#) , baixa o pdf, **imprímelo**, e ponlle o nome ás notas. Despois pásallo a un compañeiro e correxide os vossos erros.

As notas en Crave de Fa



Ponlle os nomes as notas



Unidade didáctica 1: A altura do son.

E na penúltima páxina:

Exercicio musescore


≡ Menú

Agora a facer exercicios co **musescore**. Pasos a realizar:

- 1) Baixar e imprimir este [pdf](#). O que vamos a facer é escribir a partitura coas notas correspondentes no **musescore**.
- 2) Descargar este [arquivo](#) de musescore. Ollo! Xa temos que ter o programa baixado para poder abrir o arquivo.
- 3) Introducir as notas no **musescore**, exportar o resultado en PDF.
- 4) **Escribir no PDF** o nome e apelidos do alumno.
- 5) **Mandar o arquivo** ao docente por email.
- 6) Aquí che deixo unha **axuda**:

Para **rematar a unidade** temos que:

- 1) Baixar o programa musescore.
- 2) Descargar o arquivo de musescore (xa explicado anteriormente).
- 3) Antes de facer o exercicio, ver o vídeo.




Ante calquera dúbida, sempre ir ao documento técnico.

No caso de dúbida co musescore, ir a **unidade 9 : Titorial musescore**.


12.DOCUMENTOS.

Documentos de axuda

Preme na imaxe do PDF.




Guía didáctica unidade 1.



Manual do usuario unidade 1.




Documento Técnico Galego unidade 1.



Documento Técnico Castellano unidad 1.

Unidade didáctica 1: A altura do son.

13. IMAXES UTILIZADAS NA UNIDADE 1.



Autor da imaxe: **Karen Arnold**. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/photos/piano-teclas-de-piano-notas-m%C3%BAsica-317026/>



Autor da imaxe: **dadaworks**. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/illustrations/duda-misterio-delantal-para-pensar-4017806/>



Autor da imaxe: **OpenClipart-Vectors**. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/vectors/bombilla-gr%C3%A1fico-de-negocios-2029707/>

Unidade didáctica 1: A altura do son.



Autor da imaxe: **OpenClipart-Vectors**. Fonte: **Pixabay** <https://pixabay.com/es/https://pixabay.com/es/vectors/asombrado-ayunarse-smiley-2022650/>



Autor da imaxe: **95C**. Fonte: **Pixabay**.
<https://pixabay.com/es/illustrations/ira-nervioso-brave-estr%C3%A9s-477044/>



Autor da imaxe: **Michelle Scott**. Fonte: **Pixabay**.
<https://pixabay.com/es/photos/pepita-miniatura-shihtzu-shih-tzu-4622632/>

Unidade didáctica 1: A altura do son.



Autor da imaxe: Clker-Free-Vector-Images. Fonte: **Pixabay**

<https://pixabay.com/es/vectors/pdf-documento-icno-signo-archivo-47199/>